



Ramón Otero Pedrayo en América. Homo viator

Patricia Arias Chachero¹

Recibido: 13 de novembro de 2022 / Aceptado: 15 de marzo de 2023

Resumo. Ramón Otero Pedrayo, figura clave na literatura galega de preguerra e posguerra, viaxou a América en tres ocasións (1947, 1956 e 1959). Estas viaxes supuxeron a posibilidade de encontrarse con vellos amigos, como Castelao, e o restablecemento da comunicación, en plena ditadura, entre os galeguistas que quedaran en Galicia e aqueles que partiran ao exilio.

Palabras chave: Ramón Otero Pedrayo; América; viaxe; exilio; ditadura.

[es] Ramón Otero Pedrayo en América. Homo viator

Resumen. Ramón Otero Pedrayo, figura clave en literatura gallega de preguerra y posguerra, viajó a América en tres ocasiones (1947, 1956 e 1959). Estos viajes supusieron la posibilidad de encontrarse con viejos amigos, como Castelao, y el restablecimiento de la comunicación, en plena dictadura, entre los galleguistas que se quedaron en Galicia y aquellos que partieron al exilio.

Palabras clave: Ramón Otero Pedrayo; América; viaje; exilio; dictadura.

[en] Ramón Otero Pedrayo in Latin America. Homo Viator

Abstract. Ramón Otero Pedrayo, a key figure in prewar and postwar Galician literature, traveled to Latin America three times (1947, 1956, and 1959). These trips meant the possibility of meeting old friends, such as Castelao, and the reestablishment of communication, in the midst of the dictatorship, between the Galician supporters who stayed in Galicia and those who went into exile.

Keywords: Ramón Otero Pedrayo; Latin America; Travel; Exile; Dictatorship.

Sumario. 1. Ramón Otero Pedrayo. Homo viator. 2. Don Ramón en América. 2.1. Primeira viaxe. Arxentina e Uruguai, xuño-setembro, 1947. 2.2. Segunda viaxe. Venezuela, marzo, 1956. 2.3. Terceira viaxe. Arxentina, xuño-setembro, 1959. 3. Viaxes fallidas a América. 4. Referencias bibliográficas.

Como citar: Arias Chachero, Patricia (2023): “Ramón Otero Pedrayo en América. Homo viator”, en *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos* 26, e104855, DOI: <https://dx.doi.org/10.5209/madr.104855>.

¹ Universidad Nacional de Educación a Distancia.
Correo-e: parias44@alumno.uned.es. ORCID: <https://orcid.org/0000-0002-8174-0750>.

1. Ramón Otero Pedrayo. Homo viator

Otero Pedrayo foi, que dúbida cabe, un dos xeógrafos máis relevantes de Galicia. Entendeu, como poucos, o país e as súas xentes e, desde ese seu particular coñecemento, deseñou unha teoría da paisaxe, “unha interpretación da poesía da paisaxe”², como el mesmo dicía, que lle serviu para elaborar unha completa descripción do noso territorio e da nosa historia. Ideario e reflexións que seguen, cando menos en boa medida, plenamente vixentes. As viaxes, a pé, en coche ou en autobús –nunca conduciu–, foron, ao longo a súa vida, un entretemento e unha paixón; unha fonte de estudo e unha maneira de aproximarse á realidade. A este respecto, o 3 de xaneiro de 1948, publica un “Parladoiro” no xornal *La Noche* titulado “Presenzas amigas ós lonxes”, no que reflexiona sobre a importancia de viaxar:

Fermoso é viaxar, sen outra xustificación do viaxe qu’o viaxe mesmo, aínda de noite con luar errante nos piñeirais e fantasías de aloumeadas fiestras. É premio do bon viaxeiro pelegrino, se acenar dos montes lonxanos, bos amigos, con panos de néboas ou sorrisos de sol

Nunha entrevista que lle concede a Xohán Carballeira e que se publica en *El Pueblo Gallego* o 2 de marzo de 1930, cando está a piques de cumprir 42 anos, ao ser interrogado sobre as súas viaxes, recapitula:

Conozco Galicia, es decir, empiezo a conocerla. Quisiera guardar todos sus horizontes posibles. El norte de Portugal. Muy bien Madrid (catorce inviernos: paisajes de traperos en la carretera de Extremadura con el primer sol en las cúpulas; enormes noches limitadas por ladridos de perros en los solares hoy edificadas. Catorce primaveras en los árboles del jardín de Allendesalazar que se asoman a la biblioteca del Ateneo; infinitas amistades; vida ociosa, sin nervio, con mucha curiosidad imparcial y gozosa; ni jesuita, ni institución; sólo una agudización de conciencia en los otoños gallegos). El coro de las ciudades castellanas. (Toledo: treinta viajes con noches a la luna de la Vega, Burgos, olor de buen pan. Palencia, mercado de Campos. La aguda ojiva de Ávila. Alcalá, donde todo está cerrado. León, aún mojado, de arroyos cántabros. y la infantina Aranjuez y el granito azul del Escorial). Todo el chafalán del Norte desde el castillo de Fuenterrabía al prado urbano de Oviedo.

Bayone, Burdeos la elocuente. París, rue Grenelle, Jardín de plantas con el viejo cedro de De Jussieu, museo Guimet). Bruselas.

En la adolescencia un viaje en barco de carga por el mar del Norte, tocando en Amberes, Rotterdam y algún puerto inglés cuyo nombre no recuerdo. Nieblas, olas, lluvia, cervecerías ahumadas; un caos solo ordenado en los grandes muelles desiertos en la noche.

Confesa unha chea de viaxes e ignora outras moitas. Nada di das primeiras excursións sen os pais; as organizadas por Eduardo Moreno López, o profesor de Xeografía do instituto que tanto o marcou sendo apenas un neno. Hoxe sabemos que con el, con Marcelo Macías e cos seus compañeiros de promoción, visitou Xunqueira de Ambía, San Pedro de Rocas, Allariz e Ribadavia. Sobre a viaxe á capital do Ribeiro escribiu un longo texto, quizais o primeiro que publicou.

Esquece tamén o unha viaxe familiar a Donosti, en 1902, onde vai coñecer o seu primeiro amor, unha tal Margarita, de familia ourensá, algo emparentada cos Martínez-Risco. Desde alí, visita Retería e, por primeira vez, Francia, pois chegan ata Biarritz. No primeiro tomo das súas *Lembranzas* (2019: 292) conclúe:

Daquela un viaxe siñificaba moito, de acordo ou desacordo cos libros e cas doutrinas de pais e mestres. Díciase ser grande ensino os viaxes. E hastra o serán. Pra min labran moi delgado o tempo, deixan sentire, ó voltare, mais perto, o deitar das foulas na praia de onde se non volta ó fogar.

Desta súa inqueda viaxeira deixará mostras patentes na nosa literatura. En 1926, impronta en Madrid a coñecida *Guía de Galicia*, volume que convida a percorrer o país e a facelo con calma e atención. Deste exitoso ensaio –hoxe case centenario–, lévanse feito, a día de hoxe, unha chea de reedicións. Ao subxénero literatura de viaxes pertence tamén *Pelerinaxes I* (1929) onde conta a viaxe a pé que realizou, xunto a Risco e Ben-Cho-Shey, desde Ourense, a Santo André de Teixido. Moitos anos despois, no 52, apareceu *Por os vieiros da saudade*, volume que relata a primeira viaxe a América, a de 1947.

2. Don Ramón en América

2.1. Primeira viaxe. Arxentina e Uruguai, xuño-setembro, 1947

Ramón Otero Pedrayo viaxou a América en tres ocasións. A primeira, a máis coñecida e a que

² Entrevista de Mauro Avia, *La Noche*, 30-XII-1960.

máis tempo durou, foi no verán de 1947. Chegou ao continente americano convidado pola Comisión de Cultura do Centro Galego de Bos Aires para actuar, como mantedor, na celebración do Día de Galicia. Como xa se dixo, contounos a experiencia con detalle en *Por os vieiros da saudade*, publicado pola editorial Galaxia cinco anos despois, en 1952.

Pouco sabemos realmente da orixe e organización de tan sinalada viaxe. Nunha das poucas novas que se dan na prensa da época, unha entrevista en *La Región* do 27 de maio dese ano, ao ser preguntado, recoñece que nunca estivo no continente americano e responde con certa retranca:

—¿Estuvo alguna vez en América?

—No; no estuve más que en “Las Américas” del rastro de Madrid; eran unos almacenes que ardieron en el año seis.

A aventura americana comezou a finais de xuño. O día 23, Otero Pedrayo e a súa dona, Fita Bustamante Muñoz, cruzan a fronteira portuguesa por Tui, collen o tren en Valença, paran en Caminha e Porto, onde teñen tempo para xantar, dar un longo paseo e regresar á estación para coller de novo o tren que os deixará na estación de Lisboa na mañá do domingo 25 de xuño. Cinco días despois embarcan no trasatlántico español Cabo de Buena Esperanza da Compañía Ybarra & Company³ e, tras 19 días de navegación, chegan a Arxentina o 18 de xullo.

En Arxentina a acollida foi afectuosísima e a actividade trepidante (banquetes, entrevistas, reunións, conferencias...). O 17 de agosto, o matrimonio colle o tren na capital bonaerense para desprazarse ata Mendoza (a case mil quilómetros), de onde regresan o 23. Ese mesmo día cean con Castelao e a súa dona, Virxinia Pereira Renda, que chegaran de Francia mentres eles estaban en Mendoza. Don Ramón, abraza emocionado ao seu “irmán”, a Daniel de Rianxo, a quen non vía desde había 11 anos, desde o verán do 36. Recentemente ten descrito moi

ben o reencontro o profesor Afonso Vázquez-Monxardín nun artigo titulado “Dous abrazos na historia de Galicia”⁴. O 27 de agosto, apenas catro días despois do abrazo a Castelao, Otero viaxa en barco a Montevideo. O 5 de setembro, venres, o matrimonio embarca de regreso a Portugal no Cabo de Hornos que, tras as pertinentes paradas en Río de Xaneiro e Santa Cruz de Tenerife, atraca na capital lisboeta o 22 dese mesmo mes.

Foi, como xa se dixo, unha viaxe longa, de case tres meses. Unha viaxe pouco inocente, claramente comprometida, que lles daba a oportunidade aos galeguistas que quedaban en Galicia de comunicarse cos seus compañeiros exiliados. O intelectual ourensán viaxa coa prevención de participar tan só en actos culturais, non naqueles que teñan algunha significación política. Na entrevista citada (*La Región*, 27-V-1947), aclara: “Voy en plan de trabajar mucho y de no hacer vida mundana; aunque parezca paradójico, voy a trabajar y descansar [...]. Mis actividades serán puramente culturales y, de un modo muy especial, literarias”.

É, non o esquezamos, un docente que leva case dez anos represaliado, afastado das aulas e da vida pública. É tamén, que dúbida cabe, o home que representa o vello galeguismo de preguerra. En carta de Cabanillas publicada por Alonso Montero (2000: 31) lemos:

¿Que a túa verba como ningunha evocadora, acesa, chea de verdade, prenda lume nos que te agardan como sabidor de rumbos e de vieiros do alén e caía como orballo de craridades sobor dos doentes de saudades!

E engade:

Dálle unha forte aperta ó Castelao e a todos eses irmáns que padecen pola xusticia e viven sedentes de bicar as paredes da chouza en que naceron. Con eles en corpo e alma, como eles, vivo tamén axoenllado ós pés da Nosa Señora da Espranza.

¡Que Dios te guíe con ben e te devolva á Terra san e salvo e axiña!

³ Inda que nun principio, estaba previsto que viaxasen no City of Lisbon, finalmente fixérono no Cabo de Buena Esperanza, un trasatlántico propulsado por catro turbinas, con capacidade para 560 pasaxeiros, 260 en primeira clase e 300 en segunda. Contaba cunha tripulación de 206 membros. Botado en 1920 como Hosier State, realizou a súa primeira viaxe como Cabo de Buena Esperanza en 1940. En 1958 foi amarrado, vendido e posteriormente desmantelado.

⁴ *La Región*, 3-IX-2022. Nunha carta de Virxinia Pereira Renda, a muller de Castelao, escribiulle sobre o sucedido: “no camiño de volta ao fogar... camiñaba quedo e como deitándose moi adocido. Presentía”.

A aventura, naqueles anos difíciles, implicou resolver problemas formais co goberno de Franco, pedir permisos e solucionar atrancos con visados e pasaportes. Vémolo tamén no epistolario de Cabanillas quen, o 18 de marzo de 1947, escribe desde Cambados:

Estou encantado de que vaías a Bos Aires. Até é cousa necesaria, pois ninguén como ti para poñelos o tanto do que pasou, do que pasa e do que pode pasar na nosa Terra. ¿Poranche pedriñas diante para darche o pasaporte? Non o creio, pero non estaría de máis que fosen os de alá os que pidiran, ou falaran delo na Embaixada. (Alonso Montero 2000: 31)

Na mesma liña, Florentino López Cuevillas dille a Taboada Chivite en carta datada o 9 de xuño dese ano:

O do pasaporte, no caso de que nos chegue a cumprir, vai ser outro lío, pois aínda istes días, o Ramón Otero, que pensa embarcar pra Arxentina, en Lisboa o 28 diste mes anda a faguer xestións pra que os portugueses lle consintan penetrar no seu país. (Rodríguez González 2020: 350)

Da expectación que entre os galeguistas suscitaba esta viaxe dan boa conta as palabras de Francisco Fernández del Riego, moi próximo a don Ramón, que, en carta asinada en Vigo o 26 de maio⁵, afirma:

Hai un importantísimo seitor de xentes que gardan pra vostede unha devoción e unha fê, que cecáis se non maxina. De todol-os xeitos, o viaxe que realizará a América, tennos ateigados de emoción, porque sabemos que ninguén podería levar a aquilas terras, a embaixada de Galicia, con meirandes méritos e máis clara persoalidade.

Sinto fortes desexos de o ver, denantes da marcha.

2.2. Segunda viaxe. Venezuela, marzo, 1956

A segunda viaxe foi moito máis breve. Sucedeu en 1956 grazas ao convite da Casa de Galicia de Caracas. Don Ramón, de novo acompañado da súa esposa, sae de Ourense cara Vigo o xoves 1 de marzo. Alí, xantan con Del Riego, Illa Couto e Emilio Álvarez Blázquez, e collen o tren a Madrid. Chegan á capital de España ao

día seguinte e, dous días despois, trasládanse a Lisboa en avión. É a primeira vez que o gran xeógrafo que era Otero Pedrayo utiliza este medio de transporte. Así de emocionado lle describe a experiencia a Jacobo J. Rey Porto nunha longa entrevista que publica *La Noche* o 14 de abril de 1956:

Es admirable viajar así, porque se advierte uno liberado de la pesadumbre de los medios de transporte ordinarios, que siempre ahogan y cohíben un poco, como el barco. El mar, es magnífico, presenta infinidad de aspectos; pero el aire, es más sutil, menos fatalista. En el barco, se ve demasiado la lucha contra una resistencia, y en el avión parece que el obstáculo queda enseguida atrás, superado, vencido.

Segue relatando o traxecto coa sensibilidade propia de quen tantas páxinas brillantes ten dado a nosa literatura:

En el primer tramo, —de Madrid a Lisboa—, estaba imponente la Sierra de Gredos, toda blanca; parecía el gran manto de armiño de Carlos V; que reposa a sus piés. Y desde el avión, se ve el desarrollo de la tierra de Extremadura, que aparece musculosa y bronceada, con la acrópolis de Cáceres y los profundos cortes del Tajo.

Tuve la alegría de ver —e identificar— un instante, el Puente de Alcántara, y saludé la Sierra de la Estrella —también nevada— y la memoria de su poeta Gil Vicente; pero, lo impresionante fue el ver nacer la tierra portuguesa, hacía el Oeste, y la primera vela blanca reflejada en la bahía de Lisboa.

Tras facer escala nas Barbados e en Porto Rico, aterran en Venezuela o día 6 de marzo. Permanecen na cidade apenas once días, durante os cales pronuncia non menos de sete conferencias. O 17 de marzo embarcan no aeroporto de Maiquetía e dous días despois están de regreso en Traslalba.

A brevidade da viaxe explícase, cando menos parte, porque o escritor non é partidario de deixar soa a súa nai que, case centenaria, segue facéndose cargo da casa e das terras de Traslalba. En coñecida carta a Fernández del Riego, datada o 19 de febreiro dese ano⁶, dille:

Pra min soio hai a door e a vergoña de lle mentir a miña nai. ¡onte na álxebra das estrelas que se

⁵ Arias Chachero e Alonso Montero (eds.) 2023: 74-75.

⁶ Publicada en *Grial* 52 (1976), p. 223.

non enxergan dibuxouselle a cifra dos 97!⁷- o viaxe... Diremoslle: Madrid e Portugal. Pois ela ódea o soio nome de Caracas. Eu tamén prefiro Veneza a Venezuela pro alí hai milleiros de galegos e si algun consóo lle pode levar a verba xa dubidosa e a faciana labourada por a vida do vello irmán, por min non ha quedare. Soamentes penso dez días. Xa lles consultarei –paréz que sairemos o 4 de Madrid– a Vde, Sabell e Piñeiro sobre algús temas ou posiciós. (Otero Pedrayo, 1976: 223)

Para que a anciá quedase tranquila faille crer que a viaxe é a Madrid pois debe formar parte dun tribunal de oposicións. Para soster o engano preparou unha batería de cartas que serían enviadas puntualmente desde a capital española, por man amiga. En *Cartas á nai* recóllense parte das misivas que se reciben en Trasalba nenas datas. Algunhas, provocan o máis tenro dos sorrisos. O 11 de marzo de 1956 dille don Ramón a súa nai: “Las cartas que lleguen, lo mismo que los periódicos y las publicaciones, que me los guarden bien. No hagas caso de alguna fantasía que pueda traer el periódico sobre mí”. Pouco antes, o día 8, lemos: “Tus cartitas, como siempre, encantadoras. Perdona que no las conteste punto por punto”.

A separación e a mentira, unidas á falta de noticias nos días que permaneceron en América, deberon provocar certa angustia no intelectual. A Silvio Santiago⁸ escribelle desde Trasalba o día 20 de marzo, ao pouco de chegar á aldea, e dille: “Ás 9 da mañá estabamos ca mamaciña a quen lle contei todo deseguida. Quedeis liberados de unha pesadume e ela moi contenta”.

Da significación política destas viaxes americanas, da importancia e a simboloxía que para a comunidade galeguista tiñan na época, dá

boa conta o relato de Xosé Luis Franco Grande (1985: 69) que contou como o día 11 de abril de 1956, cando aínda non había un mes que don Ramón regresara desta súa segunda viaxe na que non só pronunciara conferencias senón que participara nalgúns actos de afirmación galega, un grupo de mozos acordou renderlle homenaxe.

Fora sonado o seu éxito en Venezuela, a súa enteira valentía nas afirmacións galegas e o engaiolamento das nosas comunidades de emigrados diante da súa figura. Pero nós sabíamos moi ben que, en Venezuela, Don Ramón sentirase utilizado, que ó estar con uns tiña que estar con outros, pois as mesmas tribus de Galicia seguían na emigración. Estaba moi doído. Aceptamos como boa a suxerencia que Piñeiro nos fixera de nos xuntarmos con el nunha cea, de facerlle presente a nosa simpatía, a nosa adhesión e o noso reconecemento, certos de que entre a xente moza sentiríase feliz. El sabía moi ben que nós aceptábamos de maneira natural o que representaba, como figura máxima da cultura galega.

O propio Otero Pedrayo en carta inédita a Ben-Cho-Shey asinada, xa de regreso en Trasalba, o 20 de marzo do 56, confésalle:

O viaxe en avión maravilloso. Riba das nubens hai unha luz anxélica. Vaise millor que no Castromil. En Caracas hai un admirabile Silvio Santiago, fino e grave esprito galeguista, e un Ramiro Isla Couto con todo o candore e pureza do vello partido. O Centro Galego –con Vello, Noya e outros– ten unha xenreira terrible á “Casa de Galiza”⁹ creación de Silvio, que vai agrupando o millor da colonia e xa conta con perto de 3.000 socios. Hai boa xente, hai moitas loitas, mais Silvio e seus amigos trunfan. Eu din doce ou trece conferencias en diferentes centros

⁷ Eladía Ramona Pedrayo Ansoar, filla de Antonia Ansoar Rañoy e de Ramón Pedrayo Silva, nacera o 18 de febreiro de 1859. Cumprina 97 anos o día anterior á redacción desta carta.

⁸ Agradézolle á Fundación Otero Pedrayo a posibilidade de consultar a copia dixitalizada desta e doutras cartas a Silvio Santiago. A eles e á Deputación de Ourense, debo a consulta do epistolario de Ramón Otero Pedrayo con Fernández-Ojea, Ben-Cho-Shey, correspondencia que tamén se cita neste artigo.

⁹ Otero Pedrayo asistiu en Caracas á inauguración da Casa de Galicia cuxo acto solemne tivo lugar o 6 de marzo dese ano, ás oito da tarde. Naquela ocasión pronunciou unha conferencia titulada “Galicia en función de Europa” e, ese mesmo día, foi nomeado presidente honorario do Centro Orensano. Isto é o que recolle Rey Porto na entrevista citada: “Esta Casa de Galicia [...] es de fundación reciente, y reúne en la actualidad al contingente más significado de la colonia gallega. Está inspirada por los mejores propósitos en pro de la cultura tradicional; y allí, precisamente donde se está creando un tipo nuevo de ciudad, el gallego no se considera extraño, como no lo es en ninguna tierra del Atlántico [...] Es un hermoso edificio, envuelto en árboles tropicales; y, ese día, albergaba una extraordinaria concurrencia, con ocasión del memorable acontecimiento que en ella se celebraba, cuando los socios de más edad, presididos por un gran gallego de Corme, capitán de barco y explorador del Orinoco –muy conocido y respetado en La Coruña y en toda Galicia–; el señor Mosqueira, impuso ante ellos –en una emotiva ceremonia– la medalla de la entidad, al primer presidente de la misma, Silvio Santiago”.

universitarios e sobre todo na Casa de Galiza. Vin a moitos amigos, de eles, moi velliño, pro inda rexo, a Alberte Paz Mateos¹⁰.

Efectivamente, os galegos de Venezuela andaban daquela —e durante anos— abertamente divididos. O propio Juan Noya (1996: 333-334) deixou dito que el mesmo tentou convencer a Otero Pedrayo para que non se posicionase:

Apercibín a Don Ramón (na entrevista que o autor tivo con el en Trasalba en presenza de Celso Emilio Ferreiro) de que a súa viaxe a Caracas era improcedente [...] non obstante esta advertencia, Don Ramón [...] decidiu viaxar a Venezuela. Coincidiu esta desafortunada visita no momento culminante en que se alcanzara a unidade (1956), honrando a quen subscribe coa presidencia do Lar-Centro Galego, nome con que se designou á colectividade nacida da fusión.

O mesmo día que Don Ramón Otero Pedrayo chegou a Venezuela, celebramos unha entrevista.

2.3. Terceira viaxe. Arxentina, xuño-setembro, 1959

A terceira viaxe a América cómpre situala no verán de 1959. Don Ramón leva pouco máis de un ano xubilado como profesor universitario. É, ademais, a primeira vez que viaxa ao continente americano desde a morte, en febreiro de 1957, de súa nai.

Del Riego (1990: 226) di desta viaxe:

Otero Pedrayo fixo unha segunda viaxe ás terras do Plata, onde ratificou o prestixio que atinxira

na anterior ocasión. Polo seu medio, a colectividade galega, remesounos unha expresiva mensaxe. Facíase referencia nela ás brillantes intervencións do escritor ourensán nas importantes tribunas da Arxentina e Uruguai.

En entrevista mantida con Antonio R. Cadarso en *La Noche* o 23 de xuño do 59, o propio Otero Pedrayo confesaba:

Voy con dolor [...] porque no encontraré allí a entrañables amigos desaparecidos para siempre, como Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Ferreiro, un gran espírito de Betanzos, Manuel Cacheiro Rey, propulsor del espíritu galaico en Mendoza y Turnes, este último de tierras compostelanas, que dejó un legado para otorgar un premio literario.

Sobre o esperado reencontro cos amigos exiliados escríbelle a Fernández del Riego desde Bos Aires o 23 de xullo:

Está moi acabadiño cunha broncopneumonia o vello e tolo bohemio Regueira¹¹ nun leito do Centro Galego. Anda por eiquí o crego Meselles. “Laxeiro” presenta como sua “compañeira” a unha vella fofa e [focácas?]¹². Falo moito con Prada¹³, home de certo saber, mistura de prioiro da Peroxa e vello volterían. Nin a il, nin a Puente escuetei tratar da Historia. O de Maside vai ser de un efecto enorme. Virxinia moi ben e moi leda con Fita revivindo tempos de Madrí. Moi ben Pita, Neira o do “Libro Galego¹⁴”, os do Centro Lucense, moi tolo e simpático Alonso Ríos¹⁵ cas suas obras simbólicas e o seu patriarcado. Picallo simpático, canso, o presidente Badía moi

¹⁰ Alberto Paz Mateos foi un coñecido xuíz ourensán que chegou a presidir a Audiencia Territorial. En 1933, foi nomeado maxistrado do Tribunal Supremo e, en 1936, fiscal da República. Exiliado durante anos en Venezuela, faleceu o 18 de xuño de 1960 a bordo do Begoña, o barco que o traía de regreso á súa terra, un par de días antes de que atracase en Vigo.

¹¹ Pode ser Francisco Regueira, galeguista residente en Bos Aires.

¹² Entendemos que se refire á empresaria exiliada española Eulalia de Prada Canelas (1908-1989), Lala, compañeira inseparable do pintor durante máis de tres décadas, desde 1951, ano en que Laxeiro chegou a Bos Aires, até 1989, ano do pasamento dela. Sorprende, por infrecuente, o duro comentario de don Ramón.

¹³ Rodolfo Prada Chamocín (1892-1980) Nacera nos Peares pero a súa familia emigrara sendo el mozo a Arxentina. Foi fundador da Protectora da Academia Galega (1919), secretario da Casa de Galicia, director da revista *Acción Gallega*. En 1920 creou o Ateneo de Cultura Galega e no 38 foi elixido presidente do Centro Galego de Bos Aires. Amigo persoal de Castelao, é o autor da sentida e pormenorizada carta que Otero Pedrayo recibe aos poucos días da morte do seu irmán de Rianxo.

¹⁴ O 15 de xullo de 1957, Neira Vilas e Anisia Miranda inauguraran a *Librería Follas Novas*, dedicada á venda de libros en galego. Cando o matrimonio marcharon de Bos Aires, o 30 de xuño de 1961, o proxecto quedou en mans de Elsa Fernández. Con motivo da viaxe de Otero a Bos Aires, *Follas Novas* organizou unha *Feira do libro galego*, na que a obra do escritor ourensán tivo un papel relevante.

¹⁵ Antón Alonso Ríos (1887-1980) Mestre en Tomiño. Militante do Partido Galeguista e secretario do Consello de Galicia. Contou a súa terrible peripecia vital durante a guerra civil en *O señor Afranio ou de como me rispei das gadoupas da morte*. Amigo persoal de Otero Pedrayo con quen cadrou en Madrid cando ambos eran deputados. A saúde mental de Alonso Ríos empeorara moitos nos anos de exilio. Botouse baixo as rodas dun tren de proximidade en Bos Aires a finais do outono de 1980. Tiña 93 anos.

ben, fino e comprensivo, no seu papel, ben inda que un pouco desconfiado Vázquez Iglesias¹⁶ – tén unha usina de coches con 800 de obreiros e mais cousas–, volve a nos con diplomacia o Dr. Barrio¹⁷, Villamorín moi simpático...

O matrimonio sae do porto de Vigo o sábado 27 de xuño. Xantan no Gran Hotel con Del Riego, Elena Tormo e García-Sabell, Ramón Piñeiro e Isabel López, Sebastián Martínez-Risco, Emilio Álvarez Blázquez, Xaime e Ramiro Illa Couto, Manuel Gómez Román, Ricardo García Suárez, Viñas Cortegoso e o notario Vázquez Ulla. O 30 de xuño pasean por Santa Cruz de Tenerife e dez días despois, o 9 de xullo, desembarcan en Río de Xaneiro. Ao día seguinte, desde Santos, collen un autobús para visitar durante unhas horas a cidade de San Paulo. Da capital brasileira escribe don Ramón na súa axenda: “cidade de esteso[s] rodopíos de arrabaldo con algus belidos recantos portugueses no desenrolo de rañaceos e avenidas, algunhas moi fermosas. Belida catedral gótica na súa praza”. Interpretación da paisaxe, unha vez máis.

Chegan a Montevideo o 13 de xullo, onde os reciben Ricardo Badía, Puente, Canabal, Perfecto López, Crestar e Blanco Amor. Ao día seguinte desembarcan en Buenos Aires. Iníciase así unha nova xeira de conferencias, discursos, banquetes e horas compartidas cos amigos. O 22 de xullo pronuncia unha conferencia na Facultade de Letras, “Galicia y Europa”. O día 25 de xullo está presente no acto de apertura dos actos organizados polo Centro Galego bonaerense; falou no Teatro Avenida da capital, onde tamén o fixeron Ricardo Badía, presidente do Centro Galego, Cosme Méndez, secretario da institución e Abelardo Estévez que presentou a Otero Pedrayo. Durante a súa estancia, don Ramón deu, cando menos, as seguintes conferencias: “Cinco noites de Santiago”, “La cultura clásica como anhelo y como recuerdo”, na aula magna do Colegio Nacional de Bos Aires; “Escritores

gallegos del XIX”, na Sociedade Arxentina de Escritores; “Centenario de Humboldt y Ritler, creadores del moderno sentido geográfico”, no Instituto Popular de Conferencias da Prensa. As xornadas clausuráronse o día 31 nunha velada musical no Teatro Colón.

O día 4 de agosto viaxou á Magdalena, a 140 quilómetros de Buenos Aires, para visitar a fábrica de cerámica que puxera andar Isaac Díaz Pardo. Ao día seguinte viaxa, en avión, a Mendoza, onde pasa tres días. O 12 dese mesmo mes, está en Montevideo de onde regresa dous días despois. O 14, asiste emocionado a unha sesión literaria en Follas Novas, o proxecto que levaban adiante Xosé Neira Vilas e a súa esposa. Están tamén Alonso Ríos, Xosé Blanco Amor, Rafael Dieste, Suárez Picallo e Tacholas.

A Xosé Neira Vilas (2010: 357) escribelle desde Ourense o 26 de outubro dese ano:

¡Moito pensamos Fita e mais eu en Anisia [e] en Vd! E tamen nesa antoloxia de mociñas e mozos espertados gracias a Vd a se enxergar e pulsar en si mesmo o sangue e a chama inmorrentes. Lembro ben todos os momentos e ocasións das nosas conversas; envolveitos na foula dos bos libros galegos e latexantes nise fogar da rua da Asunción, nas conferencias, naquila sesión literaria no Centro Lucense¹⁸, día 14 de agosto, fadigoso pra min pois chegaba de Montevideo pro deseguida xuvenil e ledο pola confluencia de tantas limpas fontes como concorriron chamadas por Anisia e por Vde exercendo de encantadores. Eu fun soio –¡e ben honrado!– o cano do fermoso chafariz.

O 25 de agosto, un día antes de embarcar de regreso a Vigo, visita o cemiterio da Chacarita sobre o que escribe: “o nome de Castelao afonda toda a cripta”. No Monte Umbe, xa de regreso, Ramón Otero Pedrayo escribelle a Francisco Fernández del Riego a quen o unía unha intimidade e unha sólida confianza para abordar, por escrito, cuestións delicadas que, sen dúbida, inquietaban aos chamados galeguistas do interior:

¹⁶ Javier Vázquez Iglesias (1899-1969), importante empresario do ramo da compra-venda de vehículos. Foi presidente do Centro Lucense e do Centro Galego. Apoio economicamente o programa de radio Galicia emigrante, que dirixía Luís Seoane.

¹⁷ Entendemos que se refire a Avelino Barrio López (1885-1959), socio fundador e primeiro director médico de Centro Galego de Bos Aires.

¹⁸ Follas Novas organizoulle, en agosto do 1959, un acto literario na súa honra no que interviron, ademais de Neira Vilas e Anisia Miranda, Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, José Blanco Amor, Ramón Valenzuela, Víctor L. Molinari e Rafael Dieste e que contou tamén coa presenza de Luís Seoane, Lorenzo Varela, X. Núñez Búa, Emilio Pita e moitos outros intelectuais galeguistas. Paralelamente, inagurouse unha exposición da obra oteriana en galego e en castelán. En carta dirixida a Xesús Canabal, datada en Bos Aires o 17 de agosto de 1959 diralle: “O banquete do 15 saíu, como se agardaba, un bon acto galeguista. E foi impresioante a sesión dos mociños de *Follas Novas* o 14 no Centro Lucense”.

Día 17 na Xuntanza da Irmandade no Centro Ourense houbo xeneral e longo debate. Apareceron algúns –deles Valenzuela e outros mozos– moi dóidos polo esdén que maxinan na Galiza e en nos respecto de Castelao e dos Mártires. Coído que as cousas ficaron arraxadas. Puente foi o primeiro en falar con tino. Perfeito non falou e quedou satisfeito de min. O grande argumento é que sin a República e o Estatuto non poderían na Coleitividade conter o comunismo. Alonso Ríos, [?], inocente, tampouco falou. Suarez Picallo, atravesaba unha crise relixiosa. Está moi simpático. No grupo Seoane, Dieste, Baltar, a meirante simpatía pra Galaxia.

Chegaron a Vigo o 11 de setembro.

3. Viaxes fallidas a América

Ademais destas tres viaxes, cómpre contemplar outras tres; estas non por realizadas senón por planificadas. A primeira, cómpre situala no ano 1951, catro anos despois da viaxe a Arxentina e cinco antes da viaxe a Venezuela. Segundo Afonso Vázquez- Monxardín e Luís González Tosar (2001: 10), ese ano o Centro Galego da Habana acordara celebrar o centenario do nacemento de Manuel Curros Enríquez e barallaron a posibilidade de propoñerlle a don Ramón que participase nos actos conmemorativos. Finalmente sería un home do Réxime, Eugenio Montes, quen protagonizaría a celebración cubana en setembro de 1951. Otero Pedrayo interveu na homenaxe que a Real Academia Galega organizou ese mesmo ano en Celanova en honra do poeta.

En 1951 o Centro Gallego de Caracas comeza a conmemorar o Día de Galicia. O primeiro ano convidan a Rodolfo Prada, en 1952 a Eduardo Blanco Amor e para o 53 pensan en Otero Pedrayo. Conservamos unha carta dirixida ao secretario e ao presidente do Centro Galego, datada en Traslalva o 28 de xuño de 1952, onde escribe:

Me conmueve la invitación de Vdes. Soy viejo, y no rico. Mi madre tiene 92 años. El viaje para el 53 me entusiasma. En principio acepto muy reconocido y honrado. Un año es mucho y es poco. Desde luego va en estas líneas mi gratitud. Enhorabuena por la feliz confección del Programa. Todos los invitados son amigos míos muy queridos.

No 53, o orador foi finalmente Camilo José Cela, pero no 54 os “venezolanos” (Silvio Santiago, Ramiro Illa Couto e Carlos Herrera Alonso, á cabeza) pensan de novo en Otero Pedrayo a quen se lle insta a deseñar catro conferencias para pronunciar no mes de xullo na Biblioteca Nacional. Tampouco nesta ocasión a viaxe foi adiante inda que na Fundación Penzol de Vigo consérvanse tanto o pasaporte como outra documentación que suxiren que tramitaron o papelame preciso. En “Cartas al Miño”; un artigo asinado por Silvio Santiago no número 10 de *Galicia, a revista do Centro Gallego de Caracas*, (xullo-agosto 1954), apunta crípticamente:

Lo triste es que el viaje de Don Ramón fué estorbado sin ventajas para nadie. Antes al contrario: con mengua para todos. Concretemos. En este “todos” solamente estamos incluidos Galicia, los galleguistas, Santiago Apóstol y el que suscribe...

[...] La suerte quiso que algo tuviéramos que ver en todo esto del viaje de Don Ramón a Caracas. Como en el poema famoso, anduvimos metidos hasta los hombros en al mar de los preparativos. Ello, sin duda alguno, nos acercaría al Hombre, hermanándonos acaso, y compensándonos así de nuestras originarias y fallidas aficiones. Con los años deviene en bondad la sabiduría; pero si la evolución no siempre se cumpliera, garantizada estaba en este caso: Don Ramón nació bueno, y se hizo sabio. Y por las puertas de su bondad confiábamos entrar en su reino.

Explicado queda, constante amigo, por qué el fracaso de su viaje a Venezuela fué igualmente lamentable para Galicia, para los galleguistas, para el Apóstol y para mí. Confiemos, sin embargo, en que otra vez será.

Nesta ocasión, ocupará o lugar de don Ramón, Francisco Fernández del Riego.

Máis desagradable foi o que sucedeu no mes de xaneiro de 1958. Convidado de novo a viaxar á capital venezolana polos homes da Casa de Galicia, planificou unha viaxe curta, de apenas dez días, pois tal e como lle di Abelardo Moralejo en carta datada o 22 de decembro de 1957, contaba estar de regreso nas aulas antes do día 20 de xaneiro¹⁹. A Francisco Fernández del Riego en carta datada en Compostela o 10 de Nadal do 57, explícalle:

¹⁹ “Con estas líneas le expreso mi deseo de unas calmas y dichosas horas de Navidad y Año Nuevo para Vd. y su esposa –b. s. p.– e hijos. Aquí estoy un poco preocupado con el nuevo viaje a Caracas. Creo que estaremos de vuelta en Madrid sobre el 14 de enero. Siempre hay que parar en Madrid un día o dos. Yo procuraré estar en Santiago lo más pronto que pueda, ya que son las últimas quincenas de clase y me duele mucho perderlas” (Luis Pousa, “El epistolario inédito de Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, 5-V-2003).

Meu querido amigo: Iste vello abade de fantasma e dos celmosos e grandideiros cráustros de Trasalba e os vieiros “necnon” as prazas de Compostela cas que a raíña Lupa vai peneirando a historia pra que ría o Zebedeu, vai de novo a botar a Caracas unhas “omilias” como din en Trasalba, do 5 o 7 ou 9 do xaneiro... O gallo é fermoso e nobre: o xuntamento do Centro e da Casa de Galiza, decrarado o Día do Añal de Castelao. Temos xa arraxadas as mais das cousas, pro aínda non chegou o permiso da Policía. Precísase unha boa acollida e disposición no Consulado venezolán e agardo todo da simpatía e improcura de Vde. O pasaxe está reservado desde Madrid pro avión holandés do día 3 do xaneiro.

Na mesma liña, confésalle a Sebastián Martínez-Risco (Freixeiro Mato 2021: 166) en carta do 14 de decembro:

O día 5 de xaneiro teño que estare en Caracas: *añal* da morte de Castelao e xuntanza na Casa de Galicia e Centro Galego. Queren que eu oficie de capa. Millor non falar de isto para que non saia na Prensa.

A diferenza das dúas viaxes sinaladas anteriormente, esta si chegou a emprenderse. Otero Pedrayo e Josefina Bustamante viaxan a Madrid a inicios do ano, semella que con todos os documentos en orde, pero o día que van embarcar, xa no aeroporto de Barajas, a Policía franquista impídelles o paso. Otero, que acostumaba levar axendas onde ía anotando os seus compromisos públicos e reflexións privadas, escribe no espazo correspondente ao venres 3 de xaneiro:

Mañán cenza e choviñenta. Esperto cedo. Calmo entusiasmo. Misa e comunión nas Calatravas. Ar lixeiro e ledó, de viaxe, apesares da perna. A 1 e ½ no despacho de Iberia: o novo Mad. petulante, querendo ser grave, comesto por a chanura. Legría de moderno carrouserail de Barajas: bo xantar; entremeses, peito de tenreira, queixos. No millor, na derradeira ventanilla a Policía recole o pasaporte. Derrubouse o viaxe. Penso nos de Caracas, un viaxeiro leva a nova. Viaxes e xestións en Seguridad con Villegas. Falado con Domingo [García Sabell]. Noite de amargore e inquedanzas.

Na entrada do día seguinte, segue relatando:

Visita ó Director General de Seguridade. Unha as 2 menos dez. Serán cansa e tristeira na cámara do hotel lendo sen gana un libro sobre Lois XV. As 10 da noite sei a resolución e negativa. ¡Xa non imos a Caracas! Fita inda estaba espranzada co fermoso viaxe. Escribo as once. Dáme pena por Fita. Sereidade.

Paseo a noite con Fita, sentados nun café da Gran Vía.

Villegas debe ser José Díaz de Villegas Bustamante (1894-1968), un destacado africanista, home de confianza de Carrero Blanco que foi quen o recibiu, en 1944, como Director Xeral de Marrocos e Colonias. Villegas, natural de Corvera de Toranzo (Santander) debía ser familiar da esposa de Otero Pedrayo, Josefina Bustamante Muñoz, natural tamén do Val do Pas. Segundo as anotacións na axenda de don Ramón foi el, un home do Réxime, quen os axuda cos primeiros trámites que provoca tan amargo contratempo.

Nada sabemos da intervención de Domingo, sen dúbida o doutor Domingo García-Sabell, grande amigo de Otero Pedrayo desde os anos 50. É razoable supoñer que o médico compostelán, con importantes contactos dentro e fóra de Galicia, puido falar con algún home relevante, alguén que puidese acudir a Otero Pedrayo en tan difícil trance. Quizais con Manuel Fraga Iribarne, con quen don Ramón cadrara en Madrid en 1958 na celebración do centenario da voda de Rosalía de Castro e Murguía. Lémbrese que Fraga, director desde 1957 do Instituto de Estudios Políticos, era xa un home importante para o goberno franquista.

As xestións e os contactos deberon xurdir certo efecto pois ao día seguinte, don Ramón –e quizais tamén dona Fita– acoden á Dirección General de Seguridad, ao sinistro edificio da Porta do Sol, famoso polos interrogatorios, as malleiras e as torturas que se realizaban nos seus baixos. Alí recíbeos a máxima autoridade, o Director Xeral de Seguridade, que, desde 1957, era Carlos Arias Navarro, man dereita do ministro de Gobernación, Camilo Alonso Vega.

De nada serviu. A viaxe non se levaría nunca a cabo. Que sucedeu para que a policía franquista interrompese a última hora un embarque do que estaban debidamente informados? A resposta atopámola nunha carta inédita de don Ramón a Silvio Santiago, un dos principais promotores da viaxe. Datada en Compostela o 7 de xaneiro, apenas tres días despois do incidente en Barajas, di así:

La cosa fue brutal, absurda y cómica. En el detalle de una crueldad ridícula. Estaban consiguiendo todos los permisos y clarísimo el pasaporte. Mi esposa –lo siento mucho por el disgusto de ella– y yo llegando a Barajas, llenos de alegría. Nos invitaba la belleza del viaje, la nobleza del objeto, el afán de verles a Vdes. Todo desde el recuerdo proclamado de Daniel y el afecto de los

amigos hasta los pequeños, y estimulantes exotismos del viaje, nos llenaba de gozo. Hicimos en el aeropuerto una comida de adiós a Europa. Ya había pasado, sin molestia ninguna, el equipaje cuando unha orden seca e inexplicada nos retuvo. Una buena persona, extrañada al no vernos pasar, se ofreció a llevar la noticia. En la Dirección de Seguridad al día siguiente hubo un principio de explicación, se trataba de mi intervención principal en un acto político: la información procedía de la embajada de España en Caracas. Y nada mas. Puso un cable no muy claro.

Máis adiante, engade:

Vd y todos los amigos saben muy bien que jamás hice alusiones políticas ni cambié el carácter doctrinal especulativo de las tribunas que me fueron ofrecidas.

O embaixador de España en Caracas era, naquela altura, Manuel Valdés Larrañaga (1909-2001), membro fundador da Falanxe e colaborador, durante anos, do ditador dominicano Rafael Leónidas Trujillo. Parece ter sido el (ou algún dos seus colaboradores máis estreitos) quen impediu a viaxe. Talvez porque realmente vía tras a celebración do “añal de Castelao” un “acto político”; talvez, simplemente, porque era contrario ás actividades da Casa de Galicia. Á marxe de todo isto, cómpre non perder de vista que, desde o primeiro de xaneiro dese ano, a situación política en Venezuela era particularmente inestable. A comezos de ano iniciáranse as revoltas militares que rematarían coa ditadura do xeneral Marcos Pérez Jiménez apenas vinte días despois.

4. Referencias bibliográficas

- Alonso Montero, Xesús (2000): *Oteriana*. Ourense: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo
- Arias Chachero, Patricia e Xesús Alonso Montero (eds.) (2023): *Rexistros no vento: Epistolario de Francisco Fernández del Riego e Ramón Otero Pedrayo*. A Coruña: Real Academia Galega. DOI: <https://doi.org/10.32766/rag.423>.
- Fernández del Riego, Francisco (1990): *O río do tempo. Unha historia vivida*. Sada: Edicións do Castro.
- Franco Grande, Xosé Luis (1985): *Os anos escuros*. Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (ed.) (2021): *Ramón Otero Pedrayo. Sebastián Martínez-Risco. Ao abeiro da amizade. Epistolario 1926-1976*. Vigo: Galaxia.
- González Tosar, Luís e Afonso Vázquez-Monxardín (2001): “O vinculeiro da Casa Grande de Cima de Vila vai a Bos Aires”, en *Polos vieiros da saudade*. Vigo: Galaxia.
- Neira Vilas, Xosé (2010): *Cartas de vellos amigos*. Vigo: Galaxia.
- Noya, Juan (1996): *Fuxidos*. Vigo: Xerais.
- Otero Pedrayo, Ramón (1976): “Vintecatro cartas”, *Grial: revista galega de cultura* 52, pp. 217-235.
- (2007): *Cartas á nai 1905-1950*. Vigo: Galaxia.
- (2019): *Lembranzas do meu vivir I. O meu século XIX*. Vigo: Galaxia.
- Rodríguez González, Avelino e Xulio Rodríguez González (eds.) (2020): *Epistolario. Cuevillas e os seus contemporáneos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral de Políticas Culturais.